

Reunión do COGAMADS do 6 de outubro de 2020

Asiste pola FEG: José Luis Castro Baleato

Orde do día da reunión:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
- 2º.- Plan de Conservación do Monumento Natural O Souto da Retorta
- 3º.- Rogos e preguntas.

Nesta reunión tiven bastantes problemas de conexión, pois si co mesmo computador non tiven problemas para establecer vídeo-conferencias, nesta ocasión si as tiven, posiblemente que nunca a fixera con tantas conexións á vez. O que é curioso (ou o interese que hai da participación dos presentes), e que se cortou a miña intervención pero ninguén me apercibiu do feito, polo que parte da intervención quedou para as paredes da miña casa.

A reunión tivo un so punto na orde do día: o Plan de Conservación do Monumento Natural de O Souto da Retorta. Un Plan que se centra nunha parte do Zona de Especial Conservación (ZEC) Río Landro (3,9ha das 127ha que ten a ZEC)

Despois da Presentación da Directora Xeral de Patrimonio Natural, comezou a intervención dos vogais.

Destaqueei dous aspectos (un non figura na acta):

* Por un lado, no documento, quedan moi no aire os valores naturais do espazo (exceptuando o Avó, o eucalipto que realmente é o Monumento natural). De exemplo puxen o caso do molusco *Margaritifera margaritifera* (mexillón de río) xa que o documento especula acerca da súa presenza. Tal como está redactado, parece unha forma de ampliar a importancia do espazo pois non chega a importancia do Avó.

* O Outro punto preocupante, pero que non se puido expoñer é relativo a unha afirmación que non convence. Resulta que agora non se poden prohibir as actividades mineiras nun espazo protexido pois a Lei non o permite. Que nun espazo de 4ha, non se poida prohibir a minería equivale a non protexer nada.

É de destacar que, mentres estabamos a celebrar a reunión, a Consellería de Medio Ambiente sacaba unha nota de prensa na que se afirmaba que o COGAMADS estaba aprobando este Plan de Conservación. Algo totalmente falso.

<https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/110792/consello-galego-medio-ambiente-aproba-plan-conservacion-monumento-natural-souto#>

Deste modo, o COGAMADS fica convertido nun taboleiro de anuncios no que NON se decide nada.